

## NOTIFICACIÓN

A concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística acordou con data do 27 de novembro de 2019, o seguinte acordo:

“Dende a Concellería de Igualdade e Muller lévase a cabo o programa Peque-educa en igualdade.

Por Decreto do Alcalde de data 29 de xuño de 2018, adxudicouse o servizo de organización, coordinación e execución do programa "Campamentos Peque-educa en igualdade" Lotes 1 e 2, a SERVIPLUS TOTAL S.L., con CIF B-70019294 (expte. AV 04203 17/52).

A prórroga de dito contrato aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local o día 29 de abril de 2019 e conta coas seguintes reservas de crédito:

- 69.766,08 euros para a a nualidade 2019 con cargo á partida 04203 23 13 22799, número de operación 219103275, ref. 1247
- 6.900 euros para a a nualidade 2020 con cargo á partida 04203 23 13 22799, número de operación 219000030.

As prazas de nadal que contemplan cada un dos lotes son as seguintes:

Lote 1: Campamentos Peque-educa rurais: 40

Lote 2: Campamentos Peque-educa urbanos: 50

O programa Peque-educa Nadal levarase a cabo os días 23, 26, 27 e 30 de decembro de 2019 e os días 2 e 3 de xaneiro de 2020.

Os horarios serán:

- Horario ordinario: De 9:30h a 13:30h
- Horario ampliado: De 8:30h a 14:30h

A inscrición realizarase de acordo co seguinte procedemento:

- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello,(Praza de Armas, s/n), en horario de 9:00 h. a 14:00 h., ou en calquera dos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- O prazo de inscrición será dende o 2 ao 9 de decembro.
- Requisitos imprescindibles dos menores destinatarios/as dos programas: ter unha idade comprendida entre os 3 e os 13 anos, (deben ter cumpridos os 3 anos antes do 23 de decembro e non ter cumpridos os 14 antes do 4 de xaneiro de 2020) e estar empradoados no Concello de Ferrol, agás os/as menores acollidos/as por familias do Concello de Ferrol.
- A adxudicación das prazas farase por rigorosa orde de inscrición.
- A listaxe provisional de solicitudes exporase, o 12 de decembro, no Centro de Información á Muller e na páxina web do Concello [www.ferrol.gal](http://www.ferrol.gal) (Taboleiro de Anuncios).

- Do 13 ao 19 de decembro, ambos inclusive, abrirase un prazo para reclamacións.
- Os/as participantes que non obtiveran praza quedarán en listaxe de agarda. En función das baixas que se produzan os/as nenos/as accederán ao campamento seguindo a orde na que figure na listaxe de agarda, o que será debidamente comunicado por teléfono e/ou correo electrónico.

Á vista do exposto, propóñolle a concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a realización dos campamentos Peque-Educa en Igualdade Nadal 2019-2020 que se levarán a cabo os días 23, 26, 27 e 30 de decembro de 2019 e os días 2 e 3 de xaneiro de 2020 en horario ordinario de 9:30h a 13:30h, e ampliado de 8:30h a 14:30h.

O procedemento de inscrición e adxudicación das prazas realizarase de acordo co disposto na parte expositiva da proposta. “

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Casa do Concello,

O/A secretario/a xeral